

Campana de verán, 2015



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca a Campaña de verán 2015

Participantes:

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os/as mozos/as galegos/as residentes en Galicia, nados/as no ano sinalado para cada actividade.

En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2015, cómpre destacar o seguinte:

Os/as nados/as no ano 1997 non poderán facer 18 anos antes da finalización do campamento.

Os/as nados/as no ano 2006 deberán ter feitos 9 anos ao inicio do campamento.

Servizos disponibles:

- a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencia, que posibilite a participación do/a mozo/a.
- b) Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.
- c) Manutención en réxime de pensión completa.
- d) O material necesario para a actividade.
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Descontos:

Familia numerosa 50% - Carné Xove: 25% (non son acumulables)

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o día 8 de abril de 2015.

Para máis información poden dirixirse ós servizos socioeducativos do concello, chamar ó teléfono 981792000 (Ext.3-Estela) ou na páxina web xuventude.xunta.es.

Publicación DOG do 24 de marzo de 2015.-